

CONCELLOS



Panorámica da Catedral e a cidade de Santiago de Compostela



Ponte Maceira (Negreira)



Fachada da Catedral (Santiago de Compostela)



Santiago de Compostela



Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela)

Ames	Boimorto	Cerceda
A súa contorna, onde deixaron a súa pegada as culturas romana e medieval, alberga vestixios arqueolóxicos de máis de 5.000 anos. Os amantes dos deportes de aventura atoparán unha ampla oferta de actividades como hípica e piragüismo.	Estas terras, que forman parte do Camiño do Norte, destacan por albergar o Festival da Luz, na parroquia de Andabao, que se celebra en setembro e trae os grupos máis punteiros do panorama nacional.	Situado nun entorno rural, Cerceda ten ademais un importante desenvolvemento industrial. Na contorna destacan o pazo de Lavandeiras e o seu parque acuático, o único deste tipo en toda Galicia.
A Baña	Boqueixón	Curtis
Situado na comarca da Barcala, a escasos 30 km de Santiago. A súa capital é San Vicente da Baña e o seu principal reclamo turístico é a súa marabillosa contorna natural, con fermosos vales de frondosa vexetación, o Val da Barcala, o Val Central e o Val Portalaxe, percorridos polos ríos Baña e Barcala, que proporcionan unha rica fertilidade ás súas terras.	Constituído por unha sucesión de vales e montes que descenden cara ao río Ulla. Destaca o Pico Sacro, unha das montañas visitables máis míticas e coñecidas de Galicia.	Natureza en estado puro; o seu territorio forma parte da Reserva da Biosfera "Marinas Corunesas e Terras do Mandeo". Destacan lugares como a Cova da Serpe, o monte Enxameado ou os cruceiros de Vilasantar e Laxe. Tamén conta con importantes mercados tradicionais de produtos agrícolas e gando.
Arzúa	Brión	
Este municipio é ben coñecido polo seu queixo, con denominación de orixe (Arzúa-Ulloa), pero tamén por acoller a ruta de peregrinación Xacobeá máis coñecida, a do Camiño Francés.	A 13 quilómetros de Santiago, conta con atractivos turísticos coma o castro Lupario, o santuario e a carballeira de Santa Minia, un dos lugares máis concorridos deste territorio, e o balneario do Tremo. Nestas terras ademais consérvanse moitas casas e pazos señoriais, entre as que destacan as Torres de Altamira.	

Frades	Negreira	Padrón
Destaca a zona fluvial de Aiazo, o pazo de San Martín de Galegos, as ermidas do monte de San Nicolás e San Roque e a igrexa de Santa Mariña de Gafoi ou San Xulián en Céltigos.	Poboación rural, con importante presenza da gandería, que forma parte do Camiño de Fisterra-Muxía. Como lugares de interese destacan o pazo do Cotón e ponte Maceira, unha ponte de orixe románica que cruza o río Tambre.	Bañado polos ríos Sar e Ulla, é un referente gastronómico en Galicia polos seus famosos permentos. A tradición vincula a vila ao punto de amarre da barca do Apóstolo, o coñecido como Pedrón, que se garda baixo o altar maior da igrexa de Santiago. Ten unha longa tradición literaria, como berce de Rosalía de Castro e Camilo José Cela.
Melide	Ordes	O Pino
A Terra de Melide destaca polos seus melindres e a repostería tradicional, aos que se lle dedica unha importante festa que ten lugar no segundo domingo de maio. Parte do Camiño Francés e do Camiño Primitivo transcorren por estas terras e como puntos de interese destacan as pontes de Leboreiro e Furelos.	Forma parte do Camiño Inglés. Como lugares de interese destacan o paseo Ramiro Recouso, como pulmón verde no centro da vila, o pazo do Bidueiro e a igrexa parroquial de Santa María de Beán. Tamén é coñecida por celebrar DesOrdes Creativas, un festival de talla internacional de arte na rúa que se celebra cada ano.	Atópase practicamente no centro xeográfico de Galicia. O Camiño Francés (seis horas a pé desde O Pedrouzo) representa un motor económico e turístico moi importante, pois é o municipio galego con máis quilómetros do Camiño (18), sendo tamén a última etapa desta ruta antes de chegar á cidade do Apóstolo.
Mesía	Oroso	
Forma parte do Camiño Inglés. Como puntos de interese, destaca o seu castelo de finais do século XIII ou principios do XIV, e o espazo natural das Brañas de Valga, un importante lugar de extracción de barro para cerámica industrial.	Está cruzado de norte a sur polo Camiño Inglés e ofrece ao turista unha continua paisaxe rural. Ten un dos campos de golf pitch & putt máis importantes de Galicia, e ademais é coñecido pola súa riqueza troiteira, á que se dedica unha festa de interese turístico.	



Botafumeiro



Camiño de Santiago

Rois	Santiago de Compostela	Sobrado
Municipio dedicado, en gran medida, á explotación gandeira e á agricultura, así como á explotación madeireira. Conta con aldeas con encanto como Silvarredonda e Angueira de Castro, así como o campo de golf de Val do Castro, con 18 buratos. Tamén son interesantes para ver o castro de Socastro e o Vía Crucis de Sorribas.	Patrimonio da Humanidade desde 1985, a cidade de Santiago esconde tesouros en cada recuncho. A súa zona histórica, unha das máis importantes do mundo; a súa Catedral ou o Pórtico da Gloria son visitas de obrigado cumprimento para calquera que poña un pé nesta terra, ademais das súas emblemáticas prazas ou o Museo do Pobo Galego.	Onde nacen os ríos Tambre e Mandeo, ten unha gran riqueza paisaxística, con espazos como a lagoa ou a carballeira da Casa do Gado. O seu mosteiro cisterciense acolle unha das xoias do barroco galego, a igrexa de Santa María de Sobrado. Tamén destaca o campamento romano da Ciadella.
Santa Comba	Santiso	Teo
Con importantes espazos naturais de gran beleza como a ferverza de Castriz, co río Xallas como referencia, con camiños e paseos tranquilos, ideais para o sendeirismo. Na súa riqueza patrimonial destacan os máis de 50 cruceiros espallados polo concello, os pazos de Cícere e a Torre de Randufe.	O principal interese do concello é a pesca e a súa riqueza paisaxística, co sendeiro de Visantofía como recomendación principal. Destacan os castros de Serantes, o pazo da Vilar de Ferreiros, pola súa grandiosidade e polos elementos decorativos, e as igrexas románicas de San Esteban de Pezobrés e San Pedro de San Román.	Os amantes da natureza gozarán na área recreativa do Xirimbao, cunha rechamante ponte colgante e un importante coto de pesca no Ulla. No seu patrimonio destacan a igrexa románica de Santa María de Lampai e a ponte medieval de Pontevea.



Praza do Obradoiro (Santiago de Compostela)

Toques	Touro	Vedra
Forma parte do Camiño Primitivo e do Camiño Francés. Como puntos para destacar están a mámoa do Forno dos Mouros, un monumento megalítico moi ben conservado; o castro da Graña e a igrexa románica de Santo Antolín de Toques.	Situado ao nordés de Santiago, neste municipio rural e gandeiro destaca tamén a elaboración do queixo Arzúa-Ulloa. Os visitantes atoparán interesantes paisaxes fluviais con carreiros ao longo do río Ulla e a Ruta do Holandés, un Camiño de Santiago alternativo, moi empregado polos ciclistas.	O característico microclima deste val convérteo nun lugar idóneo para a agricultura, reflectido na existencia de prados, hortas e viñedos, que producen a variedade de viño con denominación de orixe protexida Rías Baixas-Subzona Ribeira do Ulla. É a penúltima etapa do Camiño da Vía da Prata, e ten sona tamén polos seus pazos e camelias.
Tordoia	Trazo	Vilasantar
O lugar de maior interese do municipio é o dolmen de Cabaleiros, Monumento Histórico-Artístico desde 1975. Destacan tamén a ferverza de Portociños, a área recreativa de Pedra Longa e a ferverza de Anxeriz.	Situado na zona rural do norte de Santiago, as fermosas paisaxes do Tambre e os seus afluentes integrárono na Rede Natura 2000. Recomendado para os afeccionados á pesca deportiva.	Forma parte do Camiño do Norte. Os puntos que máis visitantes atraen a Vilasantar son a igrexa de Santa María de Mezonzo, o santuario de Nosa Señora da Laxe e o pazo de Mende. Para os amantes da natureza, a visita obrigada é a fonte da Laxe.
	Val do Dubra	
	Forma parte dunha comarca eminentemente rural. Para os amantes do sendeirismo, ofrece tres rutas sinalizadas e un importante patrimonio relixioso, así como o monumento megalítico da Pedra do Home.	



Praza da Quintana (Santiago de Compostela)

QUE VISITAR:

O patrimonio artístico e cultural das Terras de Santiago é dun valor incalculable. Ademais de todas as igrexas vinculadas ao Camiño, existen importantes conxuntos de arquitectura relixiosa como o mosteiro de Santa María de Sobrado, e de edificación civil, que nos leva aos tempos do esplendor das grandes familias, como os pazos de Faramello, en Rois, e Santa Cruz de Ribadulla, en Vedra.

Estas terras ofrecen tamén numerosas mostras megalíticas como o castro de Socastro en Rois, con velhas lendas de tesouros agochados, ou a Pedra do Home, en Val do Dubra, un antigo cemiterio que segue o rito cristián. Na arquitectura funeraria destacan o famoso dolmen de Cabaleiros en Tordoia, que permanece nun excelente estado de conservación, e os petróglifos de San Xoán da Riba na Baña.

Os visitantes que queiran percorrer aldeas con encanto están no destino correcto; aquí atoparán espalladas por toda a súa extensión casas de pedra cos seus hórreos típicos, entre as que figuran Anqueira de Castro en Rois ou Furelos en Melide.

NATUREZA

As paisaxes fluviais son o gran tesouro do interior destas terras, onde os ríos, o Tambre e o Ulla, xeran uns ecosistemas únicos. Estes ríos son coñecidos polas súas troitas, escalos e salmóns, e contan cunhas estupendas praias fluviais e áreas recreativas. O río Tambre ten un dos seus puntos máis impresionantes na ponte Maceira, entre Ames e Negreira. Esta gran ponte de pedra, do século XIII, e o conxunto monumental formado polo poboado primitivo, rodéanse dunha frondosa vexetación e dos saltos de auga do río nunha das imaxes máis fotografadas da comarca por turistas e peregrinos. Como puntos de referencia paisaxística e natural atopamos tamén a carballeira da Mota, en Arzúa, onde os pais plantaban os carballos pola crenza de que así os seus fillos librarían do servizo militar. Xa en Touro, o sobreiral do Ulla é un bosque cheo de árbores centenarias que compite en riqueza paisaxística con fervezas como as do Inferniño ou Salto das Pombas, na mesma localidade, así como as das Hortas, en Arzúa e Insua, en Val do Dubra.

Agochadas entre os bosques de ribeira, as augas caídas das fervezas e os impresionantes

miradoiros consérvanse os mitos e lendas como o do impresionante Pico Sacro, en Boqueixón. Alí a Raiña Lupa mandou construír un sepulcro para o Apóstolo, sen saber que no lugar estaba a cova do Inferno, onde vivía un dragón. Os miradoiros da Pena ou Coto de San Sebastián, en Touro, e o do Picoto, no Val do Dubra, son outras atalaias perfectas para contemplar o esplendor da paisaxe do corazón de Galicia.


MUSEOS

Históricos, gastronómicos, etnográficos, relixiosos, artísticos... En Compostela e a súas comarcas chama a atención a oferta museística non só da capital, senón tamén de toda a súa contorna.

Os museos da Catedral e das Peregrinacións son os dous imprescindibles para comprender a transcendencia do Camiño e da historia dun dos templos máis visitados do mundo. Os galegos máis ilustres descansan no seu panteón do Museo do Pobo Galego, moi preto dunha das principais mostras da arquitectura moderna, o Centro Galego de Arte Contemporánea, deseñado por Álvaro Siza, autor tamén do trazado do precioso parque de Bonaval, tamén nesta zona e que ocupa un antigo cemiterio. Outra visita que non se pode deixar pasar é a Cidade da Cultura, unha imponente obra de arquitectura contemporánea construída no monte Gaiás.

Seguindo pola ruta xacobeas atopamos o Museo da Terra de Melide, antigo hospital de peregrinos, que recolle a memoria da historia e cultura da zona. Os costumes e tradicións galegas perviven tamén no Museo do Traxe Juanjo Linares, en Ordes, ou no da Pesca, en Vedra. A gastronomía está moi presente en Arzúa, con dous interesantes propostas: o museo Vivinte do Mel e o Centro de divulgación do Queixo e do Mel. Dedicados á interpretación da natureza figuran o centro do Pico Sacro, en Boqueixón, o do río Ulla ou o da Terra do Xallas.

O tributo ás nosas letras atopa os seus grandes expoñentes na Casa-Museo Rosalía de Castro, en Padrón, e tamén nesta localidade a Fundación Pública Galega Camilo José Cela, dedicada á figura e obra do Nobel galego.



Solpor en Santiago

A CORUÑA

LUGO


PONTEVEDRA

OURENSE



TERRAS DE SANTIAGO

xeodestino



TERRAS DE SANTIAGO destinos MÁXICOS de terra e mar



turismo.dacoruna.gal
@DACTurismo
Turismo da Deputación da Coruña
Dacturismo
turismo@dacoruna.gal

TERRAS DE SANTIAGO
xeodestino
Deputación DA CORUÑA

Cando o viaxeiro pon rumbo cara Galicia, Santiago é un deseño de destinos que non pode deixar pasar. A cidade, Patrimonio da Humanidade da Unesco desde 1985, conta cunha das zonas históricas máis importantes do mundo. Son imprescindibles as visitas á Catedral e o Pórtico da Gloria, así como ás prazas emblemáticas do Obradoiro, a Quintana e o Touro. Ademais, o visitante ten dúcias de igrexas, conventos e pazos de todos os estilos, desde románico ata barroco ou gótico.

Pasear por Compostela, perderse nas caelleas e atopar, de súpeto, unha maxestosa praza, un mosteiro ou mesmo unha solemne facultade, é unha experiencia única que nos invita a viaxar no tempo e confundímonos entre os peregrinos, compartindo con eles a emoción de pisar, por vez primeira, a praza do Obradoiro e deixar voar a vista e o espírito ante un dos templos máis importantes da historia da humanidade.

Outro dos espectáculos que non se pode perder é a vista de Compostela que teñen os paxaros, que se consegue subindo ás cubertas da Catedral, e que xa recomendaba o *Codex Calixtinus* hai nove séculos.

QUE FACER:

CAMIÑO DE SANTIAGO

O mellor xeito de chegar a Compostela, desde hai xa dez séculos, é percorrer o Camiño de Santiago, unha das rutas de peregrinaxe máis coñecidas e practicadas de todo o mundo. Máis de 300.000 persoas ao ano utilizan a ruta máis antiga de Europa para darlle a tradicional aperta ao apóstolo.

A ruta máis coñecida é a que parte de Roncesvalles, en Navarra, o Camiño Francés. O seu tramo galego iníciase no Cebreiro, unha fermosa aldea de orixe prehistórica, e chega a Santiago polo monte do Gozo, punto álxido do Camiño desde o que se divisa a Catedral por primeira vez.

Entre os itinerarios xacobeos acadan cada vez máis pulo outras vías históricas como o Camiño Portugués e o Camiño do Sudeste-Vía da Prata, que conectan os veciños lusos e Andalucía con Galicia. Recuperouse tamén o Camiño Primitivo, moi frecuentado durante o Medioevo, xunto co Camiño do Norte, polo que chegan viaxeiros de toda Europa, menos os ingleses que teñen a súa propia ruta, o Camiño Inglés, que se inicia tanto na Coruña como

en Ferrol. Os itinerarios acuáticos están presentes tamén na ruta do Mar de Arousa e río Ulla. E para completar a experiencia, tamén se pode optar pola única ruta que ten Santiago como punto de partida e un inmemorable punto final: o Camiño Fisterra-Muxía.

FESTAS E FEIRAS

Compostela é unha cidade festeira, con romarías como a da Ascensión, que enche de artesanía, música, gastronomía e entretemento rúas e prazas. Pero, sen dúbida, as de maior pegada son as festas en torno ao día de Santiago, o 25 de xullo. Durante ese mes, Compostela bate marcas de afluencia, que culminan nos tradicionais fogos do Apóstolo diante da fachada da Catedral, especialmente imponentes cando coincide co Ano Santo.

En Terras de Santiago destacan tamén pola súa singularidade o Entroido dos Xenerais da Ulla. Esta festa declarada de Interese Turístico de Galicia en 2013, escenifica os combates entre os Xenerais da Guerra de Independencia mediante coplas rimadas.

GASTRONOMÍA

Se o patrimonio cultural é amplo, a oferta gastronómica nas Terras de Santiago aínda o é máis. Os amantes da boa mesa poden probar moitos produtos típicos, como a famosa torta de Santiago, o polbo de Melide, o queixo Arzúa-Ulloa, a augardente de Vedra, as filloas de Lestedo, as troitas de Oroso, os champiñóns de Ordes, o pemento de Herbón, o galo piñeiro do Pino... Case todas estas delicias teñen asociadas a súa propia festa gastronómica, algunhas delas de interese turístico, xunto con outras importantes como a Exaltación do Viño da Ulla en Vedra, a Festa do Melindre en Melide, a do Carneiro ao Espeto en San Xulián de Sales (Vedra) ou a do cochiño en Cerceda.



Alameda (Santiago de Compostela)